



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



**Proceso selectivo para o ingreso no corpo
administrativo da Administración Xeral da
Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1,
convocado por Orde do 22/11/2019**

**Primeiro exercicio
Acceso: acceso libre**

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1.- Segundo o artigo 9.3 da Constitución Española, a Constitución garante:

a) O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos.

b) O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos.

c) O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos.

d) O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos.

2.- Segundo o artigo 68 da Constitución Española o Congreso componse de:

a) Un mínimo de 400 e un máximo de 450 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.

b) Un mínimo de 300 e un máximo de 400 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.

c) Un mínimo de 400 e un máximo de 500 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.

d) Un mínimo de 300 e un máximo de 450 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.

3.- Segundo o artigo 69.3 da Constitución Española nas provincias insulares, cada illa ou agrupación delas, con cabido ou consello insular, constituirá una circunscrición a efectos de elección de senadores, correspondendo:

a) Dous a cada unha das illas maiores –Gran Canaria, Mallorca e Tenerife– e un a cada unha das seguintes illas ou agrupacións: Ibiza-Formentera, Menorca, Fuerteventura, Gomera, Hierro, Lanzarote e La Palma.

b) Tres a cada unha das illas maiores –Gran Canaria, Mallorca e Tenerife– e dous a cada unha das seguintes illas ou agrupacións: Ibiza-Formentera, Menorca, Fuerteventura, Gomera, Hierro, Lanzarote e La Palma.

c) Tres a cada unha das illas maiores –Gran Canaria, Mallorca e Tenerife– e un a cada unha das seguintes illas ou agrupacións: Ibiza-Formentera, Menorca, Fuerteventura, Gomera, Hierro, Lanzarote e La Palma.

d) Catro a cada unha das illas maiores –Gran Canaria, Mallorca e Tenerife– e dous a cada unha das seguintes illas ou agrupacións: Ibiza-Formentera, Menorca, Fuerteventura, Gomera, Hierro, Lanzarote e La Palma.

4.- Segundo o artigo 73.1 da Constitución Española as cámaras reuniranse anualmente en:

a) Dous períodos ordinarios de sesións: o primeiro, de xaneiro a xuño, e o segundo, de xullo a setembro.

b) Dous períodos ordinarios de sesións: o primeiro, de setembro a decembro, e o segundo, de febreiro a xuño.

c) Dous períodos ordinarios de sesións: o primeiro, de xaneiro a xuño, e o segundo, de setembro a decembro.

d) Dous períodos ordinarios de sesións: o primeiro, de febreiro a xuño, e o segundo, de setembro a decembro.

5.- Segundo o artigo 113.2 da Constitución Española a moción de censura deberá ser proposta:

a) Cando menos pola quinta parte dos deputados.

b) Cando menos pola décima parte dos deputados.

c) Cando menos pola sexta parte dos deputados.

d) Cando menos por maioría absoluta dos deputados.

6.- Segundo o artigo 116.2 da Constitución Española o estado de alarma será declarado polo Goberno mediante decreto acordado en Consello de Ministros por un prazo:

a) Máximo de quince días, dándolle conta ao Congreso dos Deputados, reunido inmediatamente para o efecto; sen a autorización deste non poderá ser prorrogado o citado prazo.

b) Mínimo de quince días, dándolle conta ao Congreso dos Deputados, reunido inmediatamente para o efecto; sen a autorización deste non poderá ser prorrogado o citado prazo.

c) Máximo de trinta días, dándolle conta ao Congreso dos Deputados, reunido inmediatamente para o efecto; sen a autorización deste non poderá ser prorrogado o citado prazo.

d) Mínimo de trinta días, dándolle conta ao Congreso dos Deputados, reunido inmediatamente para o efecto; sen a autorización deste non poderá ser prorrogado o citado prazo.

7.- Segundo o artigo 148.1 da Constitución Española as comunidades autónomas poderán asumir competencias na seguinte materia:

- a) Lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.
- b) Administración de Xustiza.
- c) Réxime de produción, comercio, tenencia e uso de armas e explosivos.
- d) Asistencia social.

8.- Segundo o artigo 149.1 da Constitución Española o Estado ten competencia exclusiva sobre a seguinte materia:

- a) Lexislación mercantil, penal e penitenciaria.
- b) Feiras interiores.
- c) A artesanía.
- d) Asistencia Social.

9.- Segundo o artigo 1.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia a Comunidade Autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal:

- a) A defensa do territorio de Galicia e dos seus intereses, e a promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego.
- b) A defensa do territorio de Galicia e dos seus intereses, e a promoción da lingua galega entre todos cantos integran o pobo galego.
- c) A defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, e a promoción da lingua galega entre todos cantos integran o pobo galego.
- d) A defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, e a promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego.

10.- Segundo o artigo 3.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aos efectos do presente Estatuto, gozan da condición política de galegos:

- a) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.
- b) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa nun municipio galego durante cinco anos como mínimo.
- c) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis de Galicia, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.
- d) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa nun municipio galego durante catro anos como mínimo.

11.- Segundo o artigo 4.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen, como un dos principios reitores da súa política social e económica:

- a) Que os idiomas galego e castelán sexan oficiais en Galicia.
- b) A participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.
- c) O dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra.
- d) A igualdade do individuo e dos grupos en que se integran.

12.- Segundo o artigo 11.5 do Estatuto de Autonomía de Galicia unha lei do Parlamento de Galicia determinará os prazos e regulará o procedemento para a elección dos seus membros, fixando o seu número entre:

- a) 60 e 80
- b) 70 e 80
- c) 60 e 70
- d) 60 e 90

13.- Segundo o artigo 20 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma:

- a) Exercer todas as facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial lle recoñezan ou atribúan ao Goberno do Estado e da Comunidade Autónoma.
- b) Exercer todas as facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial lle recoñezan ou atribúan ao Goberno do Estado.
- c) Exercer todas as facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial lle recoñezan ou atribúan ao Goberno da Comunidade Autónoma.
- d) Exercer todas as facultades que as leis ordinarias do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial lle recoñezan ou atribúan ao Goberno do Estado e da Comunidade Autónoma.

14.- Segundo o artigo 26.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, os notarios e os rexistradores da propiedade e mercantís serán nomeados:

- a) Pola Comunidade Autónoma, en conformidade coas leis da propia Comunidade Autónoma.
- b) Pola Comunidade Autónoma, en conformidade coas leis do Estado.
- c) Pola Comunidade Autónoma, en conformidade coas leis do Estado e da propia Comunidade Autónoma.
- d) Polo Estado, en conformidade coas leis do Estado.

15.- Segundo o artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva da seguinte materia:

- a) Entidades cooperativas.
- b) Réxime mineiro e enerxético.
- c) Réxime xurídico dos montes veciñais en man común.
- d) Ferrocarrís da rede do Estado.

16.- Segundo o artigo 33.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia en materia de Seguridade Social corresponderalle á Comunidade Autónoma :

a) O desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, non sendo as normas que configuran o réxime económico da mesma. Correspóndelle tamén á Comunidade Autónoma a xestión do réxime económico da Seguridade Social en Galicia, sen prexuízo da Caixa Única.

b) A competencia exclusiva, non sendo as normas que configuran o réxime económico da mesma. Correspóndelle tamén á Comunidade Autónoma a xestión do réxime económico da Seguridade Social en Galicia, sen prexuízo da Caixa Única.

c) O desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, incluídas as normas que configuran o réxime económico da mesma. Correspóndelle tamén á Comunidade Autónoma a xestión do réxime económico da Seguridade Social en Galicia, sen prexuízo da Caixa Única.

d) A competencia exclusiva, incluídas as normas que configuran o réxime económico da mesma. Correspóndelle tamén á Comunidade Autónoma a xestión do réxime económico da Seguridade Social en Galicia, sen prexuízo da Caixa Única.

17.- Segundo o artigo 36.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega

a) Non poderá solicitar do Estado a transferencia nin a delegación de competencias non asumidas neste Estatuto.

b) Poderá solicitar do Estado a transferencia pero non a delegación de competencias non asumidas neste Estatuto.

c) Non poderá solicitar do Estado a transferencia pero si a delegación de competencias non asumidas neste Estatuto.

d) Poderá solicitar do Estado a transferencia ou delegación de competencias non asumidas neste Estatuto.

18.- Segundo o artigo 56.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a proposta da súa reforma requirirá, en todo caso:

- a) A aprobación do Parlamento Galego por maioría de dous quintos, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica e, finalmente, o referendo positivo dos electores.
- b) A aprobación do Parlamento Galego por maioría de dous tercios, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica e, finalmente, o referendo positivo dos electores.
- c) A aprobación do Parlamento Galego por maioría dun tercio, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica e, finalmente, o referendo positivo dos electores.
- d) A aprobación do Parlamento Galego por maioría de tres quintos, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei ordinaria e, finalmente, o referendo positivo dos electores.

19.- Segundo o artigo 288 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, para exercer as competencias da Unión, as institucións adoptarán:

- a) Regulamentos ordinarios e executivos, directrices, ordes executivas e tratados con terceiros países non membros da Unión.
- b) Regulamentos, directivas, decisións, recomendacións e ditames.
- c) Resolucións, decisións e liñas normativas harmonizadas.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

20.- Segundo o artigo 288 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, para exercer as competencias da Unión, o regulamento terá:

- a) Un alcance xeral para aqueles Estados membros que de forma expresa recóllanse no mesmo.
- b) Un alcance xeral e será aplicable en cada Estado membro despois da súa comunicación pola Comisión, con excepción das cláusulas de salvagarda que se recollan no mesmo.
- c) Un alcance xeral. Será obrigatorio en todos os seus elementos e directamente aplicable en cada Estado membro.
- d) Un alcance xeral e será obrigatorio en todos os seus elementos con excepción daqueles preceptos do mesmo afectados por unha cláusula de salvagarda prevista no Tratado de Funcionamento da Unión Europea e que así se recollan expresamente no mesmo.

21.- Segundo o artigo 288 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, cal é o alcance de obrigatoriedade da decisión?

- a) Non será obrigatoria, salvo que se estableza a súa obrigatoriedade de forma expresa na propia decisión.

b) Será obrigatoria en todos os seus elementos e para todos os Estados membros salvo que non sexa de aplicación a un deles de acordo exclusivamente coas cláusulas de salvagarda dos Tratados.

c) Será obrigatoria en todos os seus elementos. Cando designe destinatarios, só será obrigatoria para estes.

d) O alcance da obrigatoriedade da decisión virá determinado polo Regulamento do que traia causa, debendo reflectirse na decisión esta circunstancia.

22.- Segundo o apartado 1 do artigo 1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, que Tratado ou Tratados, respecto da Unión, determinan os ámbitos, a delimitación e as condicións de exercicio das súas competencias?

a) O Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

b) O Tratado de Funcionamento da Unión Europea e o Tratado da Unión Europea.

c) O Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Tratado da Unión Europea e o Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica (Euratom).

d) O Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Tratado da Unión Europea e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

23.- Segundo o apartado 1 do artigo 289 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, no procedemento legislativo ordinario para a adopción conxunta polo Parlamento Europeo e o Consello dun regulamento, debe existir unha proposta de:

a) O Consello Europeo cun informe da Comisión sobre a súa adecuación ás competencias da Unión establecidas nos tratados.

b) Polo menos 50 membros do Parlamento Europeo que pertencen a un mínimo de dous grupos parlamentarios.

c) O Parlamento Europeo ou o Consello.

d) A Comisión.

24.- Segundo o apartado 3 do artigo 289 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, os actos xurídicos que se adopten mediante procedemento legislativo constituirán:

a) Actos legislativos no caso dos regulamentos e actos non legislativos no caso das directivas.

b) Actos legislativos se son ditados polo Parlamento Europeo e actos executivos ou non legislativos se son ditados polo Consello.

c) Actos legislativos no caso dos regulamentos e as directivas e actos executivos no caso de decisións.

d) Actos legislativos.

25.- Segundo o artigo 292 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Banco Central Europeo pode adoptar recomendacións?

- a) Non. As recomendacións só poden adoptarse pola Comisión.
- b) Si, pero conxuntamente coa Comisión.
- c) Só cando así se lle habilite polo Consello Europeo, quen delimitará o ámbito e duración para que o Banco Central Europeo poida adoptar recomendacións.
- d) Si. Nos casos específicos previstos polos Tratados.

26.- Segundo o apartado 10 do artigo 294 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, cal é a composición do Comité de Conciliación previsto no devandito apartado?

- a) Estará composto polos membros do Consello, do Parlamento Europeo e da Comisión. Será presidido polo comisario competente por razón da materia e estará asistido por un avogado xeral do Tribunal de Xustiza.
- b) Estará composto polos membros do Consello, do Parlamento Europeo e da Comisión e será presidido polo comisario competente por razón da materia.
- c) Estará composto polos membros do Consello ou polos seus representantes e por un número igual de membros que representen o Parlamento Europeo.
- d) O apartado 10 do artigo 294 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea non prevé ningún Comité de Conciliación.

27.- Segundo o artigo 295 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, como organizarán o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión a forma da súa cooperación?

- a) Na forma establecida polo Consello Europeo de acordo cos Tratados.
- b) De común acordo o Parlamento Europeo e o Consello, e a teor das decisións conxuntas do Parlamento Europeo e o Consello, coa Comisión.
- c) Na forma establecida polo Consello Europeo de acordo cos Tratados e a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza respecto ao ámbito de actuación de cada institución.
- d) De común acordo.

28.- Segundo o apartado 1 do artigo 297 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, os actos legislativos entrarán en vigor:

- a) Na data que eles mesmos fixen ou, a falta dela, aos trinta días da súa publicación.

b) Na data que eles mesmos fixen ou, a falta dela, aos quince días da súa publicación.

c) Na data que eles mesmos fixen ou, a falta dela, aos vinte e cinco días da súa publicación.

d) Na data que eles mesmos fixen ou, a falta dela, aos vinte días da súa publicación.

29.- Segundo o apartado 1 do artigo 14 do Tratado da Unión Europea, a quen lle corresponde exercer a función orzamentaria?

a) Á Comisión.

b) Ao Parlamento Europeo conxuntamente coa Comisión.

c) Ao Parlamento Europeo exclusivamente.

d) Ao Parlamento Europeo conxuntamente co Consello.

30.- Segundo o apartado 2 do artigo 14 do Tratado da Unión Europea, cal é o número máximo de membros do Parlamento Europeo?

a) O seu número non excederá de setecentos, máis o Presidente.

b) O seu número non excederá de setecentos, incluído o seu Presidente.

c) O seu número non excederá de setecentos cincuenta, máis o Presidente.

d) O seu número non excederá de setecentos cincuenta, incluído o seu Presidente.

31.- Segundo o apartado 1 do artigo 15 do Tratado da Unión Europea, o Consello Europeo exercerá algunha función legislativa?

a) Non exercerá función legislativa algunha.

b) Só para ditar Regulamentos de acordo cos Tratados.

c) Só en caso de veto, adoptado por unanimidade, aos Regulamentos aprobados polo Parlamento Europeo.

d) Conxuntamente co Parlamento Europeo.

32.- Segundo o apartado 3 do artigo 15 do Tratado da Unión Europea, con que regularidade reunirse o Consello Europeo de forma ordinaria?

a) Unha vez por semestre.

b) Dúas veces por semestre.

c) Dúas veces o primeiro semestre e tres o segundo semestre do ano, sendo unha delas para aprobar o orzamento da Unión para a seguinte anualidade.

d) Tres veces por semestre.

33.- Segundo o apartado 7 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea, quen se encarga de preparar os traballos do Consello?

- a) A Comisión.
- b) O Estado membro a quen por quenda correspóndalle a presidencia do Consello Europeo.
- c) Un Comité de Representantes Permanentes dos Gobernos dos Estados membros.
- d) O Comisario competente por razón da materia.

34.- Segundo o apartado 2 do artigo 223 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, como establecerá o Parlamento Europeo o estatuto e as condicións xerais de exercicio das funcións dos seus membros?

- a) Mediante regulamentos adoptados por propia iniciativa, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, previo ditame da Comisión e coa aprobación do Consello Europeo.
- b) Mediante regulamentos adoptados por propia iniciativa, conforme un procedemento lexislativo especial, previo ditame da Comisión e coa aprobación do Consello.
- c) Mediante regulamentos adoptados por propia iniciativa, conforme un procedemento lexislativo especial, previo ditame vinculante do Tribunal de Contas.
- d) Mediante regulamentos adoptados por propia iniciativa, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, previo ditame da Mesa do Parlamento e coa aprobación do Consello Europeo.

35.- Segundo o apartado 1 do artigo 228 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, a quen corresponde a elección do Defensor do Pobo Europeo?

- a) Ao Consello Europeo conxuntamente co Parlamento Europeo.
- b) Por unanimidade dos Defensores do Pobo dos Estados membros.
- c) Ao Parlamento Europeo.
- d) Ao Consello Europeo entre as candidaturas presentadas polo Parlamento Europeo.

36.- Segundo o apartado 6 do artigo 2 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, onde determinaranse o alcance e as condicións de exercicio das competencias da Unión Europea?

- a) Nos acordos adoptados polo Consello Europeo.

- b) Nos actos adoptados pola Comisión Europea para dar cumprimento aos acordos do Consello Europeo.
- c) Nos actos adoptados pola Comisión Europea para dar cumprimento aos acordos do Consello.
- d) Nas disposicións dos Tratados relativas a cada ámbito.

37.- Segundo o apartado 1 do artigo 5 do Tratado da Unión Europea, a delimitación das competencias da Unión réxese polo principio de:

- a) Proporcionalidade.
- b) Atribución.
- c) Subsidiariedade.
- d) Igualdade de todos os cidadáns da Unión.

38.- Segundo o apartado 2 do artigo 6 do Tratado da Unión Europea, a Unión Europea adherirase ao Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais. Esta adhesión:

- a) Non modificará as competencias da Unión que se definen nos Tratados.
- b) Modificará as competencias da Unión para adaptarse ao devandito Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais
- c) Supón que, con carácter previo á súa ratificación polo Parlamento Europeo, adoptaranse as medidas necesarias para adaptar as competencias da Unión ao devandito Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais.
- d) Supón que, con carácter previo á súa ratificación, tanto polo Parlamento Europeo como polos Parlamentos nacionais dos Estados membros, deban adoptarse as medidas necesarias para adaptar as competencias da Unión ao devandito Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais.

39.- Segundo o apartado 1 do artigo 24 do Tratado da Unión Europea, a competencia da Unión en materia de política exterior e de seguridade común abarcará:

- a) Aqueles ámbitos definidos polo Consello Europeo da política exterior e as cuestións relativas á seguridade da Unión, incluída a definición progresiva dunha política común de defensa que poderá conducir a unha defensa común, segundo os obxectivos establecidos polo Consello Europeo e ratificados polos parlamentos nacionais de todos os Estados membros.
- b) Aqueles ámbitos da política exterior e as cuestións relativas á seguridade da Unión, incluída a definición progresiva dunha política común de defensa que

poderá conducir a unha defensa común, segundo os obxectivos establecidos polo Consello Europeo.

c) Todos os ámbitos da política exterior e todas as cuestións relativas á seguridade da Unión, incluída a definición progresiva dunha política común de defensa que poderá conducir a unha defensa común.

d) Todos os ámbitos da política exterior, as cuestións relativas á seguridade da Unión, as accións derivadas dunha política común de defensa e o respecto aos dereitos recoñecidos na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, segundo os obxectivos fixados polo Consello en coordinación coa Comisión.

40.- Segundo o apartado 6 do artigo 2 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, onde se determina o alcance e as condicións de exercicio das competencias da Unión Europea?

a) Nos Regulamentos da Unión aprobados polo Consello Europeo relativos a cada ámbito, de acordo cos Tratados.

b) Nos Regulamentos da Unión, debendo adoptarse de acordo co procedemento lexislativo ordinario, e relativos a cada ámbito.

c) No correspondente acto lexislativo da Unión aprobado polo Consello Europeo e o Parlamento Europeo de forma conxunta e relativos a cada ámbito e de acordo cos Tratados.

d) Nas disposicións dos Tratados relativas a cada ámbito.

41.- Segundo o artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais:

a) A prevención de riscos laborais deberá integrarse no sistema xeral de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades como en todos os niveis xerárquicos desta a través da implantación e aplicación da avaliación de riscos.

b) A prevención de riscos laborais deberá integrarse no sistema xeral de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades como en todos os niveis xerárquicos desta a través da implantación e aplicación da planificación da actividade preventiva.

c) A prevención de riscos laborais deberá integrarse no sistema xeral de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades como en todos os niveis xerárquicos desta a través da implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais.

d) A prevención de riscos laborais deberá integrarse no sistema xeral de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades como en todos os niveis xerárquicos desta a través da implantación e aplicación dos principios xerais da acción preventiva.

42.- Segundo o artigo 20 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario tendo en conta o tamaño e actividade da

empresa, así como a posible presenza de persoas alleas a mesma, deberá analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de:

- a) Sistemas contra incendios, zonas de seguridade e protocolos de evacuación.
- b) Evacuación dos traballadores, primeiros auxilios, e loita contra incendios.
- c) Asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios e establecemento de puntos de encontro.
- d) Autoprotección dos centros de traballo e desenvolvemento das súas directrices.

43.- Segundo o artigo 23 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario deberá elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral a seguinte documentación relativa ás obrigacións establecidas na citada lei:

- a) Relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que causasen ao traballador unha incapacidade laboral superior a catro días de traballo.
- b) Relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que causasen ao traballador unha incapacidade laboral superior a tres días de traballo..
- c) Relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que causasen ao traballador unha incapacidade laboral superior a dous días de traballo.
- d) Relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que causasen ao traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo.

44.- Segundo o artigo 27 protección de menores da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais:

- a) Tendo en conta os factores establecidos en dito artigo, o goberno establecerá as limitacións á contratación de mozos menores de dezaseis anos en traballos que presenten riscos específicos.
- b) Se é necesario, o empresario informará os menores e aos seus pais ou tutores que interviñesen na contratación, dos posibles riscos e de todas as medidas adoptadas para a protección da súa seguridade e saúde.
- c) A avaliación a realizar, terá especialmente en conta os riscos específicos para a seguridade, a saúde e o desenvolvemento dos mozos derivados da súa falta de experiencia, da súa inmadurez para avaliar os riscos existentes ou potenciais e do seu desenvolvemento aínda incompleto.
- d) Previamente a calquera modificación importante das condicións de traballo dos menores, o empresario deberá efectuar unha revisión do plan de prevención de riscos laborais.

45.- Segundo o artigo 29 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, os traballadores, conforme á súa formación e seguindo as instrucións do empresario, deberán:

- a) Informar de inmediato aos seus compañeiros acerca de calquera situación que, ao seu xuízo, entrañe, por motivos razoables, un risco para a seguridade e a saúde dos traballadores.
- b) Cooperar cos responsables de prevención para que estes poidan garantir unhas condicións de traballo que sexan seguras.
- c) Contribuír ao cumprimento das obrigacións establecidas pola autoridade competente co fin de protexer a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo.
- d) Usar adecuadamente, de acordo ás súas características e aos riscos imprevisibles os medios cos que desenvolvan a súa actividade.

46.- Segundo o artigo 6.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os poderes inscritos no rexistro terán unha validez determinada:

- a) Máxima de 6 anos contados desde a data de inscrición.
- b) Máxima de 4 anos contados desde a data de inscrición.
- c) Máxima de 10 anos contados desde a data de inscrición.
- d) Máxima de 5 anos contados desde a data de inscrición.

47.- Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a falta ou insuficiente acreditación da representación non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de:

- a) Un mes.
- b) Non hai prazo.
- c) 15 días que deberá conceder para o efecto o órgano administrativo.
- d) pode ser superior a 10 días cando as circunstancias do caso así o requiran.

48.- Segundo o artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos casos en que proceda a comparecencia das persoas, a correspondente citación fará constar expresamente:

- a) O nome, lugar, data e hora.
- b) O lugar, data, hora, obxecto da comparecencia e expediente administrativo.
- c) O nome, lugar, data, hora e os efectos de non atendela.

d) O lugar, data, hora, os efectos de non atendela, o obxecto da comparecencia e os medios dispoñibles.

49.- Segundo o artigo 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os recursos contra un acto administrativo que se funden unicamente na nulidade dalgunha disposición administrativa de carácter xeral poderán interpoñerse:

- a) Directamente ante o órgano superior xerárquico do que ditou dita disposición.
- b) Directamente ante o órgano que ditou dita disposición.
- c) Indistintamente, ante o órgano superior ou ante o órgano que ditou a dita disposición.
- d) Ningunha é correcta.

50.- Segundo o artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as administracións públicas deberán solicitar os documentos electronicamente a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto. Cando se trate de informes preceptivos xa elaborados por un órgano administrativo distinto ao que tramita o procedemento, estes deberán ser remitidos no prazo de:

- a) 5 días a contar desde a súa solicitude.
- b) Entre 10 e 15 días a contar desde a súa solicitude.
- c) 10 días a contar desde a súa solicitude.
- d) 1 mes a contar desde a súa solicitude.

51.- Segundo o artigo 41.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as administracións poderán practicar as notificacións por medios non electrónicos:

- a) Cando para asegurar a eficacia da actuación administrativa resulte necesario practicar a notificación por entrega directa dun empregado público da administración notificante.
- b) As notificacións practícaranse sempre por medios electrónicos.
- c) Cando a notificación se realizase con ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou o seu representante nas oficinas de asistencia en materia de rexistro e solicite a comunicación ou notificación persoal nese momento.
- d) A resposta a) e c) son correctas.

52.- Segundo o artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contra o acordo de acumulación dun procedemento acordado por un órgano administrativo:

- a) Procederá o recurso administrativo de alzada.
- b) Procederá o recurso administrativo de reposición.
- c) Procederá o recurso extraordinario de revisión.
- d) Non procederá recurso algún.

53.- Segundo o artigo 8.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, se algunha disposición atribúe a competencia a unha administración, sen especificar o órgano que debe exercela, entenderase que a facultade de resolver os expedientes corresponde:

- a) Aos órganos intermedios competentes por razón da materia e do territorio.
- b) Aos órganos superiores competentes por razón do territorio e da materia.
- c) Aos órganos inferiores competentes por razón do territorio e da materia.
- d) Todas son verdadeiras.

54.- Segundo o artigo 9.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en ningún caso poderán ser obxecto de delegación as competencias relativas a:

- a) As materias en que así se determine de forma expresa polo Decreto regulador do órgano delegante.
- b) A resolución do recurso especial en interese de lei.
- c) As respostas a) e b) son válidas.
- d) Todas as anteriores son falsas.

55.- Segundo o artigo 9.6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando poderá ser revogable a delegación dunha competencia?:

- a) O artigo 9.6 da Lei 40/2015 non fai mención á posibilidade de revogar unha delegación de competencia.
- b) Cando se esgote o período de concesión da delegación de competencia.
- c) En calquera momento polo órgano que a conferira.
- d) Todas son falsas.

56.- Segundo o artigo 12.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é necesario publicar no diario oficial correspondente, a delegación de firma para que teña validez?:

- a) Si
- b) Non
- c) Depende do establecido na delegación.
- d) Todas son falsas.

57.- Segundo o artigo 16 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os órganos colexiados das distintas administracións públicas terán un Secretario. Cales son as súas funcións?:

- a) Velar pola legalidade formal e material das actuacións do órgano colexiado.
- b) Asegurar o cumprimento das leis.
- c) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- d) Acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias.

58.- Segundo o artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a válida constitución dun órgano colexiado das distintas administracións públicas, a efectos da celebración de sesións, é necesario:

- a) A asistencia presencial do Presidente e Secretario ou no seu caso de quen lles supla, e a da metade máis un, polo menos, dos seus membros.
- b) A asistencia presencial do Presidente e Secretario ou no seu caso de quen lles supla, e a dun terzo, polo menos, dos seus membros.
- c) A asistencia presencial ou a distancia, do Presidente e Secretario ou no seu caso de quen lles supla, e a da metade, polo menos, dos seus membros.
- d) A asistencia presencial ou a distancia, do Presidente e Secretario ou no seu caso de quen lles supla, e a dun terzo, polo menos, dos seus membros.

59.- Segundo o artigo 17.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, quen pode dirixirse ao Secretario dun órgano colexiado para que lles sexa expedida certificación dos seus acordos?:

- a) Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo.
- b) Quen considere que teñen un interese lexítimo.
- c) As persoas físicas ou xurídicas que ostentan capacidade de obrar conforme as normas civís.
- d) Todas son correctas.

60.- Segundo o artigo 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a esixencia de responsabilidade penal do persoal ao servizo das Administracións Públicas:

- a) Nunca suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan.
- b) Suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan.
- c) Non suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, salvo que a determinación dos feitos na orde xurisdiccional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial.
- d) Poderá suspender os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan de acordo co que decida o instrutor do procedemento.

61.- Segundo o apartado 1 do artigo 1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, dita lei ten por obxecto regular a organización e o réxime xurídico de:

- a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico, con excepción das Sociedades mercantís públicas autonómicas, que se rexerán pola súa normativa específica.
- b) Exclusivamente a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- d) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o resto de Administracións Territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia.

62.- Segundo o apartado 3 do artigo 4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na organización da Administración xeral e das entidades que integran o sector público observanse os seguintes principios:

- a) Descentralización, desconcentración, coordinación, equilibrio territorial, igualdade de trato e seguridade xurídica para os cidadáns.
- b) Xerarquía, descentralización, desconcentración, coordinación, e harmonización territorial.
- c) Xerarquía, descentralización, desconcentración, coordinación, eficacia e eficiencia, simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima e proximidade aos cidadáns.
- d) Xerarquía, descentralización, desconcentración, coordinación, subsidiariedade, equidade de trato e proximidade aos cidadáns.

63.- Segundo o apartado 2 do artigo 25 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, son órganos de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Exclusivamente, as secretarías xerais, as secretarías xerais técnicas, as direccións xerais e equivalentes.
- b) As secretarías xerais técnicas, as direccións xerais e equivalentes, as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais, as delegacións territoriais, as secretarías territoriais e as xefaturas territoriais.
- c) Exclusivamente as secretarías xerais técnicas, as direccións xerais e equivalentes, as delegacións territoriais, e as xefaturas territoriais.
- d) As secretarías xerais, as direccións xerais e equivalentes, as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais, as xefaturas de servizo, as delegacións territoriais e as xefaturas territoriais.

64.- Segundo o apartado 1 do artigo 28 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as persoas titulares das secretarías xerais técnicas serán nomeadas e separadas libremente atendendo a criterios de:

- a) Confianza política e pertenza ao grupo A1 dos funcionarios de carreira.
- b) Titulación académica, capacidade profesional e probidade.
- c) Responsabilidade profesional, capacidade e confianza.
- d) Competencia profesional e experiencia.

65.- Segundo o apartado 3 do artigo 31 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as delegacións territoriais dependen organicamente:

- a) Da Presidencia da Xunta de Galicia.
- b) Da secretaría xeral da Presidencia da Xunta de Galicia.
- c) Da consellería competente en materia de administracións públicas.
- d) Da secretaría xeral técnica da Presidencia da Xunta de Galicia.

66.- Segundo o apartado 1 do artigo 40 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de cantas fases consta o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral?

- a) De tres fases: fase inicial, fase intermedia e fase final.
- b) De catro fases: fase de avaliación previa, fase de inicio, fase intermedia e fase final.

c) De catro fases: fase de proposta, fase de avaliación de legalidade e técnica normativa, fase de informe da Administración do Estado e fase de publicación e comunicación á Administración do Estado e a Unión Europea.

d) De cinco fases: fase de proposta, fase de avaliación de legalidade e oportunidade, fase de consulta pública, fase de avaliación económica e fase de publicación e comunicación á Administración do Estado e a Unión Europea.

67.-Segundo o apartado 6 do artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, é necesaria sempre algunha forma de audiencia ou información pública no caso de anteproxectos de disposicións de carácter xeral?

a) Si, sempre é necesaria algunha forma de audiencia ou información pública no caso de anteproxectos de disposicións de carácter xeral.

b) Non será necesaria ningunha forma de audiencia ou información pública no caso de anteproxectos respecto a os que así se autorice expresamente polo Consello Consultivo de Galicia.

c) Non será necesaria ningunha forma de audiencia ou información pública, exclusivamente, no caso de anteproxectos cuxa aprobación definitiva correspóndalle á persoa titular da Presidencia da Xunta.

d) Non será necesaria ningunha forma de audiencia ou información pública no caso de anteproxectos puramente organizativos.

68.-Segundo o apartado 7 do artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, se se tratase de proxectos que afecten á estrutura orgánica, métodos de traballo, procedementos administrativos e burocráticos ou réxime de persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou do sector público autonómico, requirirase informe:

a) Favorable da consellaría, ou das consellarías, con competencia en materia de administracións públicas e emprego público.

b) Favorable da consellaría da Presidencia e da consellería con competencia en materia de facenda.

c) Preceptivo pero non vinculante, da consellaría con competencia en materia de administracións públicas.

d) Favorable da Comisión paritaria para a Modernización Administrativa e o Emprego Público de Galicia.

69.- Segundo o apartado 1 do artigo 46 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as entidades reguladas na presente lei teñen:

- a) Personalidade xurídica propia aínda que non diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Personalidade xurídica propia e diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Personalidade xurídica propia integrada na da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

70.- Segundo o artigo 53 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, como son fixadas as indemnizacións máximas que por asistencia poidan corresponder aos integrantes dos órganos superiores de dirección das entidades instrumentais do sector público autonómico?

- a) Mediante Orde conxunta do conselleiro competente en materia de administracións públicas e de facenda.
- b) Mediante Resolución da consellaría á que estea adscrita a entidade, contando co informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública.
- c) Mediante Resolución da consellaría competente en materia de facenda, contando co informe favorable da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- d) Mediante acordo do Consello da Xunta, contando co informe favorable da consellaría competente en materia de facenda.

71.- Segundo o artigo 22 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos adxudicados polas Entidades Xestoras e Servizos Comúns da Seguridade Social cuxo valor estimado sexa igual ou superior a:

- a) 139.000 euros.
- b) 144.000 euros.
- c) 214.000 euros.
- d) 221.000 euros.

72.- Segundo o artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, cando no momento do vencemento dun contrato non se formalizou o novo contrato que garanta a continuidade

da prestación que debe realizar o contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de:

- a) Nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicase cunha antelación mínima de seis meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.
- b) Seis meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicase cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.
- c) Nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicase cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.
- d) Seis meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicase cunha antelación mínima dun mes respecto da data de finalización do contrato orixinario.

73.- Segundo o artigo 32.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, requirirán a autorización previa do Consello de Ministros as modificacións de encargas autorizadas polo Consello de Ministros, cando superen:

- a) O 5 por cento do importe da encarga.
- b) O 10 por cento do importe da encarga.
- c) O 20 por cento do importe da encarga.
- d) O 25 por cento do importe da encarga.

74.- Segundo o artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, nos contratos de obras, as facultades do responsable do contrato serán exercidas por:

- a) O promotor.
- b) O construtor.
- c) O proxectista.
- d) O director facultativo.

75.- Segundo o artigo 63.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, serán obxecto de publicación no perfil de contratante:

- a) A formalización das encargas a medios propios cuxo importe sexa superior a 50.000 euros, IVE excluído.
- b) A formalización das encargas a medios propios cuxo importe sexa igual ou superior a 50.000 euros, IVE incluído.
- c) A adxudicación das encargas a medios propios cuxo importe sexa superior a 50.000 euros, IVE excluído.
- d) A adxudicación das encargas a medios propios cuxo importe sexa superior a 5.000 euros, IVE incluído.

76.- Segundo o artigo 116.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas serán substituídos polo documento descritivo, no caso de que o procedemento elixido para adxudicar o contrato sexa o de:

- a) Asociación para a Innovación.
- b) Concurso de proxectos.
- c) Diálogo competitivo.
- d) Encarga a medios propios personificados.

77.- Segundo o artigo 132 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, os órganos de contratación axustarán a súa actuación aos principios de:

- a) Eficiencia e lealdade institucional.
- b) Lealdade institucional e interese público.
- c) Imparcialidade e obxectividade.
- d) Transparencia e proporcionalidade.

78.- Segundo o artigo 153.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, cando por causas imputables ao

adxudicatario, non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, esixiráselle, en concepto de penalidade, o importe do:

- a) 3 por cento do prezo, IVE excluído.
- b) 3 por cento do prezo, IVE incluído.
- c) 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído.
- d) 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE incluído

79.- Segundo o artigo 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en procedementos abertos de adxudicación de contratos de obras suxeitos a regulación harmonizada, o prazo de presentación de proposicións non será inferior a:

- a) Trinta e cinco días.
- b) Trinta días.
- c) Vinte e seis días.
- d) Quince días.

80.- Segundo o artigo 204 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares se advertise expresamente desta posibilidade, os contratos das administracións públicas poderanse modificar durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do:

- a) Orzamento base de licitación.
- b) Valor estimado.
- c) Prezo final.
- d) Prezo inicial.

81.- Segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase:

- a) En réxime de concorrencia competitiva.
- b) En réxime de concorrencia non competitiva.
- c) En réxime de concesión directa.
- d) En réxime de concesión nominativa cando estea consignada así nos orzamentos.

82.- O artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse de forma directa e con carácter excepcional aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Cal é o límite que marca o artigo 26 da devandita lei para que ditas subvencións requiran a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia?

- a) Que sexan de importe igual ou superior a 150.000 euros.
- b) Que sexan de importe superior a 150.000 euros.
- c) Que sexan de importe igual ou superior a 120.000 euros.
- d) Que sexan de importe superior a 120.000 euros.

83.- O artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, regula a subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios. No devandito artigo establécese que a actividade subvencionada que o beneficiario subcontrate con terceiros non excederá da porcentaxe que se fixe nas bases reguladoras da subvención. Pero no caso de que tal previsión non figure nas devanditas bases reguladoras, cal é a porcentaxe ata a que poderá o beneficiario subcontratar?:

- a) Ata unha porcentaxe que non exceda do 30 por cento do importe da actividade subvencionada.
- b) Ata unha porcentaxe que non exceda do 40 por cento do importe da actividade subvencionada.
- c) Ata unha porcentaxe que non exceda do 50 por cento do importe da actividade subvencionada.
- d) Ata unha porcentaxe que non exceda do 60 por cento do importe da actividade subvencionada.

84.- Segundo establécese no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, relativo á comprobación das subvencións, cando se trate de subvencións de capital, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente:

- a) En subvencións superiores a 40.000 euros, no seu cómputo individual.
- b) En subvencións superiores a 50.000 euros, no seu cómputo individual.
- c) En subvencións superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual.
- d) En subvencións superiores a 70.000 euros, no seu cómputo individual.

85.- Segundo o artigo 6 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a citada lei é de aplicación ao persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás no relativo a:

- a) Réxime disciplinario.
- b) Carreira profesional e promoción interna.
- c) Avaliación do desempeño.
- d) Xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións.

86.- Segundo o artigo 15 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de administracións públicas:

- a) Manter a adecuada relación xerárquica cos órganos competentes en materia de inspección, avaliación e auditoría das demais administracións públicas.
- b) Informar os plans de ordenación de recursos humanos, así como as previsións e medidas que se deriven dos mesmos e que teñan incidencia no gasto público.
- c) Vixiar o cumprimento da normativa vixente en materia de xornada, horario, permisos e licenzas do persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais.
- d) Designar ás persoas representantes da Comunidade Autónoma nos tribunais cualificadores de procesos selectivos de persoal para as entidades locais.

87.- Segundo o artigo 18 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, correspóndelle á comisión de persoal:

- a) Convocar e resolver os concursos de provisión de postos de traballo.
- b) Ser informada dos expedientes disciplinarios que impliquen sanción por falta grave o moi grave.
- c) Emitir informe en materia de persoal, por pedimento dos órganos executivos competentes en materia de persoal.
- d) Recoñecer a progresión alcanzada na carreira profesional e os trienios.

88.- Segundo o artigo 42 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os corpos e as escalas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia clasifícanse:

- a) Grupo A1, Grupo A2, Grupo B, Grupo C.
- b) Grupo A, Grupo B, Grupo C.
- c) Grupo A1, Grupo A2, Grupo B, Grupo C1, Grupo C2.

d) Grupo A, Grupo B, Grupo C, Grupo D.

89.- Segundo o artigo 89 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira que estea adscrito por motivos de saúde ou rehabilitación a un posto de traballo en distinta localidade daquela na que teña o seu destino definitivo estará:

a) Obrigado a participar nos concursos de provisión, para postos adecuados ao seu corpo ou escala, que se convoquen e a solicitar todos os postos situados na mesma localidade do posto ao que figure adscrito provisionalmente.

b) Exento de participar nos concursos de provisión, para postos adecuados ao seu corpo ou escala, que se convoquen e a solicitar todos os postos situados na mesma localidade do posto ao que figure adscrito provisionalmente.

c) Obrigado a participar nos concursos de provisión, para postos adecuados ao seu corpo ou escala, que se convoquen e a solicitar todos os postos situados na mesma localidade do posto ao que figure adscrito provisionalmente, sempre e cando ditos postos non supoñan un agravamento dos motivos de saúde que supuxeron a súa adscrición.

d) Obrigado a participar nos concursos de provisión, para postos adecuados ao seu corpo o escala, que se convoquen e a solicitar todos os postos situados nun radio máximo de 30 km da mesma localidade do posto ao que figure adscrito provisionalmente.

90.- Segundo o artigo 90 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o concurso ordinario é o procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo. No suposto do persoal funcionario de novo ingreso, é requisito necesario para poder participar nestes concursos:

a) Salvo excepcións establecidas no citado artigo, unha antigüidade mínima de tres anos desde a toma de posesión.

b) En todo caso, unha antigüidade mínima de dous anos desde o nomeamento como persoal funcionario de carreira.

c) Salvo excepcións establecidas no citado artigo, unha antigüidade mínima de dous anos desde a toma de posesión.

d) En todo caso, unha antigüidade mínima de tres anos desde o nomeamento como persoal funcionario de carreira.

91.- Segundo o artigo 116 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de accidente ou enfermidade moi graves do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, o persoal funcionario ten dereito a un permiso para atender ao coidado desas persoas cunha duración máxima:

a) De sesenta días hábiles.

- b) De sesenta días naturais.
- c) De trinta días hábiles.
- d) De trinta días naturais.

92.- Segundo o artigo 127 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, pódense conceder licenzas por asuntos propios sen retribución, cunha duración que, acumulada:

- a) Non excederá de doce meses cada tres anos de prestación de servizos efectivos.
- b) Non excederá de doce meses cada cinco anos de prestación de servizos efectivos.
- c) Non excederá tres meses cada dous anos de prestación de servizos efectivos .
- d) Non excederá de seis meses cada dous anos de prestación de servizos efectivos.

93.- Segundo o artigo 198 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as faltas disciplinarias moi graves prescriben:

- a) Aos dous anos.
- b) Aos tres anos.
- c) Aos catro anos.
- d) Aos cinco anos.

94.- Segundo o artigo 192 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a duración máxima do procedemento disciplinario será:

- a) De catro anos.
- b) De tres anos.
- c) De dous anos.
- d) Dun ano.

95.- Segundo o artigo 2 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a acción do Goberno para a prestación de servizos públicos e a dotación de infraestruturas públicas básicas e sociais da Comunidade farase conforme aos principios de:

- a) Eficacia e eficiencia.
- b) Equidade, solidariedade e eficacia.
- c) Equidade, solidariedade e equilibrio territorial.

d) Equidade, solidariedade e eficiencia.

96.- Segundo o artigo 13.1 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, deberán establecerse as cláusulas precisas para asegurar en todo momento a aplicación desta lei no caso de que se proceda a comprometer recursos da Facenda pública galega para o seu desenvolvemento:

a) Nos convenios co Estado e outras Comunidades Autónomas para a xestión e prestación de servizos da súa exclusiva competencia, e nos acordos de cooperación que se subscriban a teor do disposto nos números 1 e 2 do artigo 35 do Estatuto de autonomía.

b) Nos convenios con outras Comunidades Autónomas para a xestión e prestación de servizos da súa exclusiva competencia, e nos acordos de cooperación que se subscriban a teor do disposto nos números 1 e 2 do artigo 35 do Estatuto de autonomía.

c) Nos convenios con outras Comunidades Autónomas e Deputacións Provinciais para a xestión e prestación de servizos da súa exclusiva competencia, e nos acordos de cooperación que se subscriban a teor do disposto nos números 1 e 2 do artigo 35 do Estatuto de autonomía.

d) Nos convenios con outras entidades locais para a xestión e prestación de servizos da súa exclusiva competencia, e nos acordos de cooperación que se subscriban a teor do disposto nos números 1 e 2 do artigo 35 do Estatuto de autonomía.

97.- Segundo o artigo 46.4 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, poderán xestionarse como operacións extraorzamentarias aquelas nas que a actividade da Comunidade Autónoma se limite á realización de funcións de intermediación na súa xestión:

a) Logo da autorización do Consello da Xunta de Galicia.

b) Logo da autorización do conselleiro de Economía e Facenda.

c) Logo da autorización do Parlamento de Galicia.

d) Logo da autorización dos titulares das Consellerías.

98.- Segundo o artigo 46 quater do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, un conxunto ordenado de actuacións que abranguen varias políticas de gasto ou departamentos da Comunidade Autónoma co obxecto de acadar un ou varios obxectivos estratéxicos para Galicia é un:

- a) Plan transversal.
- b) Plan sectorial.
- c) Plan estratéxico ou de goberno (PEG).
- d) Plan funcional.

99.- Segundo o artigo 49 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, nos créditos para gastos de capital distinguiranse:

- a) Os gastos financeiros, as transferencias de capital e as variacións de activos e pasivos financeiros.
- b) As transferencias de capital, os gastos financeiros e os pasivos financeiros.
- c) Os gastos financeiros, as inversións plurianuais e as transferencias de capital.
- d) As variacións de activos e pasivos financeiros, as transferencias de capital e os de investimentos reais.

.

100.- Segundo o artigo 74.3 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, os servizos e as funcións dos ordenamentos de pagamentos dispoñeranse:

- a) Legalmente.
- b) Regulamentariamente por proposta do Conselleiro de Economía e Facenda.
- c) Regulamentariamente por proposta do Consello da Xunta de Galicia.
- d) Regulamentariamente por proposta das respectivas consellerías.

101.- Segundo o artigo 75 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia:

- a) A expedición de autorizacións de gastos con cargo ao orzamento da Comunidade e dos seus organismos autónomos deberá axustarse ao plan que sobre disposición de fondos da Tesourería estableza anualmente o Consello da Xunta.
- b) A expedición de ordes de pagamento con cargo ao orzamento da Comunidade e dos seus organismos autónomos deberá axustarse ao plan que sobre disposición de fondos da Tesourería estableza anualmente o Consello da Xunta.
- c) A expedición de autorizacións de gastos con cargo ao orzamento da Comunidade e dos seus organismos autónomos deberá axustarse ao plan que sobre disposición de fondos da Tesourería estableza anualmente a Consellería de Economía e Facenda.

d) A expedición de ordes de pagamento con cargo ao orzamento da Comunidade e dos seus organismos autónomos deberá axustarse ao plan que sobre disposición de fondos da Tesourería estableza anualmente a Consellería de Economía e Facenda.

102.- Segundo o artigo 77.4 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, as ordes de pagamento cursadas co carácter de xustificar aplicaranse aos créditos orzamentarios que correspondan e os seus perceptores quedarán obrigados a xustificar a aplicación das cantidades recibidas no prazo de:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.
- d) Seis meses.

103.- Segundo o artigo 79.4 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, os anticipos de fondos europeos percibidos para financiar gastos en fase de execución terán, transitoriamente, tratamento extraorzamentario, que se cancelará no momento en que se certifique o gasto e se efectúe:

- a) O contraído do recurso e a aplicación do recadado, segundo proceda, como transferencia corrente ou de capital.
- b) O compromiso do ingreso e a aplicación do recadado, segundo proceda, como transferencia corrente ou de capital.
- c) O compromiso do ingreso e a aplicación do recadado, en todo caso, como transferencia de capital.
- d) O contraído do recurso e a aplicación do recadado, en todo caso, como transferencia de capital.

104.- Segundo o artigo 80 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o orzamento de cada exercicio liquidarase en canto a:

- a) A recadación de dereitos liquidados e ao pagamento dos gastos comprometidos a 31 de decembro do ano natural correspondente.
- b) A recadación de dereitos liquidados e ao pagamento de obrigas recoñecidas a 31 de decembro do ano natural correspondente.
- c) A recadación de dereitos liquidados e ao pagamento dos gastos autorizados a 31 de decembro do ano natural correspondente.

d) Todas as respostas anteriores son falsas.

105.- Segundo o artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, vida independente é a situación na que a persoa con discapacidade exerce o poder de decisión sobre a súa propia existencia e participa activamente na vida da súa comunidade, conforme a:

- a) O principio de accesibilidade universal.
- b) O principio de inclusión social.
- c) O dereito de participación plena e efectiva na sociedade.
- d) O dereito ao libre desenvolvemento da personalidade.

106.- Segundo o artigo 6.1 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, o exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade realizarase de acordo co principio de:

- a) Non discriminación.
- b) Vida independente.
- c) Inclusión plena na sociedade.
- d) Liberdade na toma de decisións.

107.- Segundo o artigo 4.6 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, o Goberno estenderá a aplicación das prestacións económicas previstas nesta lei a:

- a) Os españois residentes no estranxeiro, sempre que carezan de protección equiparable no país de residencia, na forma e cos requisitos que regulamentariamente se determinen.
- b) Os estranxeiros residentes en España, sempre que carezan de protección equiparable no seu país de orixe, na forma e cos requisitos que regulamentariamente se determinen.
- c) Os menores estranxeiros residentes en España, sempre que carezan de protección equiparable no seu país de orixe, na forma e cos requisitos que regulamentariamente se determinen.
- d) Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea e aqueles a quen sexa de aplicación o réxime comunitario, sempre que dispoñan de protección equiparable no seu país de orixe, na forma e cos requisitos que regulamentariamente se determinen.

108.- Segundo o artigo 73.3 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, o Observatorio Estatal da Discapacidade configúrase como:

- a) Un órgano de carácter consultivo para a definición das políticas públicas que garantan os dereitos das persoas con discapacidade.
- b) Un órgano institucional de participación en materia das políticas de igualdade das persoas con discapacidade.
- c) Un instrumento de promoción e orientación das políticas públicas de conformidade coa Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.
- d) Un órgano colexiado e institucional ao que corresponde a función de vixilancia e prevención de todas as formas de discriminación das persoas con discapacidade.

109.- Segundo o artigo 13.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno:

- a) A información relativa aos contratos menores cuxo valor estimado fose superior a 5.000 euros, con indicación do obxecto, a duración, o importe de licitación e adxudicación, o número de licitadores participantes e a identidade do adxudicatario publicarase, polo menos trimestralmente, no portal web de transparencia.
- b) A información relativa aos contratos menores cuxo valor estimado fose inferior a 5.000 euros, con indicación do obxecto, a duración, o importe de licitación e adxudicación, o número de licitadores participantes e a identidade do adxudicatario publicarase, polo menos semestralmente, no portal web de transparencia.
- c) A información relativa a todos os contratos menores, con indicación do obxecto, a duración, o importe de licitación e adxudicación, o número de licitadores participantes e a identidade do adxudicatario publicarase, polo menos trimestralmente, no portal web de transparencia.
- d) A información relativa a todos os contratos menores, con indicación do obxecto, a duración, o importe de licitación e adxudicación, o número de licitadores participantes e a identidade do adxudicatario publicarase, polo menos semestralmente, no portal web de transparencia.

110.- Segundo o artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no ámbito do sector público autonómico, a competencia para a resolución das solicitudes de acceso corresponderalles a:

a) A persoa titular da secretaría xeral, da secretaría xeral técnica, da dirección xeral ou da subdirección xeral no caso da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

b) A persoa titular da secretaría xeral, da secretaría xeral técnica, da dirección xeral ou da delegación territorial no caso da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

c) A persoa titular da secretaría xeral, da secretaría xeral técnica, da delegación territorial ou da secretaría territorial no caso da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

d) A persoa titular da secretaría xeral, da dirección xeral ou da subdirección xeral no caso da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

111.- Segundo o artigo 29.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o acceso da cidadanía á información do Portal de transparencia e Goberno aberto respectará os principios de:

a) Veracidade e autenticidade.

b) Integridade, dispoñibilidade e exactitude.

c) Accesibilidade, interoperabilidade e reutilización.

d) Todas as respostas anteriores son correctas.

112.- Segundo o artigo 52 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, relativo ás garantías de efectividade da igualdade retributiva, enténdese a existencia de predominancia

a) Cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, dez puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

b) Cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, quince puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

c) Cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

d) Cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte e cinco puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

113.- Segundo o artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, a duración do contrato de traballo en prácticas:

a) Non poderá ser inferior a tres meses nin exceder de dous anos.

- b) Non poderá ser inferior a tres meses nin exceder de tres anos.
- c) Non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de dous anos.
- d) Non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de tres anos.

114.- Segundo o artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, o contrato para a formación e a aprendizaxe rexerá pola seguinte regra:

a) A duración mínima do contrato será de seis meses e a máxima de tres anos. Non obstante, mediante convenio colectivo poderán establecerse distintas duracións do contrato, en función das necesidades organizativas ou produtivas das empresas, sen que a duración mínima poida ser inferior a tres meses nin a máxima superior a tres anos.

b) A duración mínima do contrato será dun ano e a máxima de tres anos. Non obstante, mediante convenio colectivo poderán establecerse distintas duracións do contrato, en función das necesidades organizativas ou produtivas das empresas, sen que a duración mínima poida ser inferior a seis meses nin a máxima superior a tres anos.

c) A duración mínima do contrato será dun ano e a máxima de tres anos. Non obstante, mediante convenio colectivo poderán establecerse distintas duracións do contrato, en función das necesidades organizativas ou produtivas das empresas, sen que a duración mínima poida ser inferior a tres meses nin a máxima superior a tres anos.

d) A duración mínima do contrato será de dous anos e a máxima de tres anos. Non obstante, mediante convenio colectivo poderán establecerse distintas duracións do contrato, en función das necesidades organizativas ou produtivas das empresas, sen que a duración mínima poida ser inferior a un ano nin a máxima superior a tres anos.

115.- Segundo o artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, o contrato a tempo parcial rexerá pola seguinte regra:

a) Cando o contrato a tempo parcial conleve a execución dunha xornada diaria inferior á dos traballadores a tempo completo e esta realícese de forma partida, só será posible efectuar unha única interrupción en dita xornada diaria, salvo que se dispoña outra cosa mediante convenio colectivo.

b) Cando o contrato a tempo parcial conleve a execución dunha xornada diaria inferior á dos traballadores a tempo completo e esta realícese de forma partida, poderanse efectuar como máximo dúas interrupcións en dita xornada diaria, salvo que se dispoña outra cosa mediante convenio colectivo.

c) Cando o contrato a tempo parcial conleve a execución dunha xornada diaria inferior á dos traballadores a tempo completo e esta realícese de forma partida,

poderanse efectuar como máximo dúas interrupcións en dita xornada diaria, sen excepcións.

d) Cando o contrato a tempo parcial conleve a execución dunha xornada diaria inferior á dos traballadores a tempo completo e esta realícese de forma partida, as interrupcións a realizar en dita xornada diaria serán as pactadas entre o empresario e os representantes dos traballadores.

116.- Segundo o artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, o contrato de relevo rexerase pola seguinte regra:

a) O horario de traballo do traballador relevista non poderá completar o do traballador substituído nin simultanearse con el.

b) O horario de traballo do traballador relevista poderá completar o do traballador substituído pero non simultanearse con el.

c) O horario de traballo do traballador relevista non poderá completar o do traballador substituído pero si simultanearse con el.

d) O horario de traballo do traballador relevista poderá completar o do traballador substituído ou simultanearse con el.

117.- Segundo o artigo 14 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores:

a) Nas empresas de menos de vinte traballadores o período de proba non poderá exceder de seis meses para os traballadores que non sexan técnicos titulados.

b) Nas empresas de menos de cincuenta traballadores o período de proba non poderá exceder de tres meses para os traballadores que sexan técnicos titulados.

c) Nas empresas de menos de vinte e cinco traballadores o período de proba non poderá exceder de tres meses para os traballadores que non sexan técnicos titulados.

d) Nas empresas de menos de vinte traballadores o período de proba non poderá exceder de seis meses para os traballadores que sexan técnicos titulados.

118.- Segundo o artigo 21 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, no suposto de compensación económica pola plena dedicación, o traballador poderá rescindir o acordo e recuperar a súa liberdade de traballo noutro emprego, comunicándoo por escrito ao empresario cun preaviso de:

a) 15 días.

b) 20 días.

- c) 25 días.
- d) 30 días.

119.- Segundo o artigo 7.5 do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, o Goberno, a proposta do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e oídos as organizacións sindicais máis representativas ou o colexio oficial competente, poderá, a instancia dos interesados, excluír do campo de aplicación do réxime da Seguridade Social correspondente:

- a) Ás persoas cuxo traballo por conta allea, en atención á súa xornada ou á súa retribución, poida considerarse marxinal e non constitutivo de medio fundamental de vida.
- b) Aos deportistas de alto nivel.
- c) Aos estranxeiros que residan legalmente en territorio español.
- d) Aos estudantes.

120.- Segundo o artigo 44.3 do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral da seguridade social, poden os organismos da administración da Seguridade Social esixir algunha taxa fiscal pola expedición de certificacións relacionadas coas prestacións da Seguridade Social?:

- a) Non.
- b) Si.
- c) Si, sempre que se publique no BOE.
- d) Si, sempre que o acorde o ministerio correspondente.

PREGUNTAS DE RESERVA

121.- Segundo o artigo 299 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, a execución forzosa dos actos do Banco Central Europeo que impoñan unha obrigaón pecuniaria a persoas distintas dos Estados:

- a) Rexerase polas normas de procedemento civil vixentes no Estado en cuxo territorio se leve a cabo.
- b) Deberá remitirse ao Tribunal de Xustiza para que a tramite como a execución dunha decisión xudicial do devandito Tribunal e que será o competente para o control da conformidade a Dereito das medidas de execución que se adopten polos Estados en cuxo territorio se leve a cabo

c) Rexerese polas normas fiscais de constrinximento vixentes no Estado en cuxo territorio se leve a cabo.

d) O Banco Central Europeo non pode impoñer obrigacións pecuniarias a ningunha persoa ou entidade.

122.- Segundo o apartado 4 do artigo 9 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a encomenda de xestión de actividades e servizos que sexan competencia doutras administracións públicas en favor de órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entes públicos do sector público autonómico requirirá:

a) Unha norma estatal básica que así o prevexa de forma expresa.

b) Unha norma estatal que así o prevexa de forma expresa e habilítese para a súa aceptación por unha lei do Parlamento de Galicia.

c) A proposta previa da Comisión bilateral Estado-Comunidade Autónoma e a aceptación da Consellería competente, na que se indicará os medios materiais e persoais que destinarán para o efecto.

d) A aceptación previa do Consello da Xunta e será formalizada mediante a sinatura do correspondente convenio.

123.- Segundo o artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o órgano de contratación estará facultado para resolver o contrato ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades, cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do:

a) 5 por 100 do prezo do contrato, IVE incluído.

b) 5 por 100 do prezo do contrato, IVE excluído.

c) 3 por 100 do prezo do contrato, IVE incluído.

d) 3 por 100 do prezo do contrato, IVE excluído.

124.- Dentro do contido da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as obrigas do beneficiario encóntranse reguladas no artigo:

a) 9

b) 11

c) 12

d) 13

125.- Segundo o artigo 81.1 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o remanente de Tesourería da Comunidade ou de cada un dos seus organismos autónomos administrativos con referencia a un exercicio orzamentario determinado estará formado por:

a) A diferenza entre as dispoñibilidades líquidas e mailos dereitos recoñecidos pendentes de cobro, segundo a situación que os mesmos presenten ata o 31 de decembro do exercicio anterior.

b) A suma das dispoñibilidades líquidas e mailas obrigas recoñecidas pendentes de cobro, menos os dereitos recoñecidos pendentes de pagamento, segundo a situación que os mesmos presenten ata o 31 de decembro do exercicio anterior.

c) A suma das dispoñibilidades líquidas, os dereitos recoñecidos pendentes de cobro e as obrigas recoñecidas pendentes de pagamento, segundo a situación que os mesmos presenten ata o 31 de decembro do exercicio anterior.

d) A suma das dispoñibilidades líquidas e mailos dereitos recoñecidos pendentes de cobro, menos as obrigas recoñecidas pendentes de pagamento, segundo a situación que os mesmos presenten ata o 31 de decembro do exercicio anterior.

126.- Segundo o artigo 77 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, cando no proceso xurisdiccional se suscitase unha cuestión de discriminación por motivo ou por razón de discapacidade:

a) O Xuíz ou Tribunal, por instancia de parte, deberá solicitar informe ou ditame dos organismos públicos competentes.

b) O Xuíz ou Tribunal, por instancia de parte, poderá solicitar informe ou ditame dos organismos públicos competentes.

c) O Xuíz ou Tribunal, de oficio, deberá solicitar informe ou ditame dos organismos públicos competentes.

d) O Xuíz ou Tribunal, de oficio ou por instancia de parte, deberá solicitar informe ou ditame dos organismos públicos competentes.